

ALOXAMENTO DE WEBS

UniversidadeVigo

Vigo
24 de Febreiro de 2.010

UniversidadeVigo

Información do documento

Nome do documento:	Normas de aloxamento de webs nos servidores da Universidade de Vigo		
Autor:	Area TIC	Versión:	1.0

Control de versións

Versión	Data de versión	Descrición
1.0	24/02/2010	Versión inicial

ÍNDICE

1.	O servizo.....	4
1.1.	Solicitar aloxamento	4
1.2.	Uso da conta	4
1.3.	Contido da páxina principal	4
1.4.	Directorios de imaxes e iconas comúns.....	4
1.5.	Espazo en Disco	4
1.6.	Información a incluír	5
1.7.	Outros servidores web.....	5

1. O servizo

A Universidade de Vigo ofrece o aloxamento web a distintos Departamentos, Centros, Servizos, Asociacións de Alumnos, que pertezcan a Universidade de Vigo.

1.1. Solicitar aloxamento

Para isto o departamento deberá enviar un escrito ó Reitor, firmado polo responsable do departamento, no que se indique o nome do encargado de coordinar e introducir a información do departamento no servidor, ó que se lle subministrará unha conta nun servidor da Universidade de Vigo para a xestión do seu espazo web, sendo o responsable do uso que se faga de dita conta de usuario.

Mediante esta conta poderá introducir e modificar os documentos en HTML do seu departamento.

1.2. Uso da conta

A conta de usuario para o aloxamento web só poderá utilizarse para o depósito e administración de páxinas Web ou ficheiros relacionados con estas (imaxes, binarios, ...).

Non poderá utilizarse dito espazo como almacén de ficheiros, conexión a outros servidores,

As páxinas se depositarán nunha estrutura de directorios a partir do directorio "**html**" da conta de usuario asignada. Toda a información que se introduza en dito directorio poderá ser accedida mediante o servidor web, por tanto neste directorio só se poderán introducir páxinas html e imaxes que se referencien por ditas páxinas.

1.3. Contido da páxina principal

A páxina inicial será a que se inclúa no ficheiro "**default.html**" que se encuentre no directorio "**html**" da conta de usuario, dita páxina deberá conter:

- Escudo ou logotipo da Universidade.
- Nome do Departamento.
- A indicación "Universidade de Vigo".
- Un enlace coa páxina principal da Universidade.
- Nome ou dirección de correo electrónico do administrador da web do departamento e un buzón para recibir suxestións.

1.4. Directorios de imaxes e iconas comúns

Non se duplicarán imaxes nin logotipos que xa están nos directorios principais do servidor web co fin de aforrar espazo en disco. A imaxe a utilizar nas web virá determinada polo establecido pola [Área de Imaxe da Universidade de Vigo](#).

1.5. Espazo en Disco

O espazo en disco asignado a cada departamento é de **10Mb**. Espazos maiores poderán ser solicitados os Servizos Informáticos (saum@uvigo.es).

1.6. Información a incluír

A responsabilidade da información contida no espazo do departamento será exclusivamente de este.

Incluirase información sobre docencia, investigación e servizos, estando prohibida a inclusión de información de tipo: comercial, pornográfico, política, ocio.

Non se duplicará información xa contida no servidor principal da Universidade, aínda que se poderán incluír enlaces a dita información.

É responsabilidade do departamento que a información esté convenientemente actualizada, así como a súa correcta visualización.

A información do departamento referenciarase desde o lugar correspondente nas páxinas principais do servidor web.

Aínda que non hai unha lexislación sobre dereitos de autor dos documentos Web, existen unhas normas de ética e cortesía polo que as copias totais ou parciais de documentos de outros servidores deben estar autorizados polos autores, ou ben, indicarse unha referencia de onde se conseguiu dito documento.

1.7. Outros servidores web

No caso que o departamento dispoña dun servidor web propio e non desexe facer uso do servidor da Universidade, deberá dalo de alta a fin de que o servidor do departamento sexa enlazado no servidor central. A información contida en ditos servidores deberá axustarse á presente normativa.